

Campionato Provincial de Ourense 2023

Categorías Sub18, Sub14, Sub8

Organizador do torneo: Federación Galega de Xadrez
Colaboran: Club Deportivo Xadrez Ourense – Concello de Ourense
Data: 11 de febreiro do 2023.
Lugar de xogo: Centro Cívico A Cuña - Mariñamansa

Categorías:

Sub - 08 “Promesas”: nacidos nos anos 2015 e posteriores
Sub - 14 “Infantís”: nacidos nos anos 2009 e 2010
Sub - 18 “Xuvenís”: nacidos nos anos 2005 e 2006

Sistema de xogo e horarios:

Suízo a 5 roldas (*)
Categoría Sub-18 (60 minutos por xogador e partida) inicio ás 10.15 horas
Categoría Sub-14 (45 minutos por xogador e partida) inicio ás 10.30 horas
Categoría Sub-8 (30 minutos por xogador e partida) inicio ás 16.00 horas

**Posibilidade de modificar o número de roldas si o aconsella o número de inscritos.*

Inscripcións: no correo electrónico traxerxadrez@hotmail.com, indicando nome, club e data de nacemento. (Plazo máximo, ata o 9 de febreiro ás 15.00 horas)

Desempates: 1. Buchholz brasileiro 2. Buchholz total 3. Sonneborn-Berger

Arbitraxe: (AI) David González Gándara – (AAB) Elías González Gil

Premios: para os tres primeiros clasificados de cada categoría.

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

A inscrición neste torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña, incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de publicar nas páxinas web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que puideran desenvolverse no futuro, e para calquera aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación daquelas utilizacións ou aplicacións que puideran atentar contra o dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil ao Dereito ao Honor, a Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado. Esta autorización pode ser revocada en calquera momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revogación, polo que a retirada do consentimento non terá carácter retroactivo.



DEPORTE
GALEGO



Concello de
OURENSE



Club Xadrez Ourense